

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AGADIC E O CONCELLO DE NOIA**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic), **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) formalizou co Concello de Noia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A realización do programa de actuacións nas datas de referencia, que se deberá desenvolver no Auditorio Municipal e nas condicións especificadas no presente convenio.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Unha das funcións da Agadic, segundo a súa normativa de creación aprobada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, é fomentar a difusión das artes escénicas a través dunha programación estable e coordinada nos teatros e auditorios mediante un programa de colaboración coas entidades titulares dos espazos escénicos integrados na Rede galega de Teatros e Auditorios.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

